

**POLÍTICA DE CALIDADE
E SEGURIDADE
ASISTENCIAL**

*Xerencia de Xestión
Integrada de
Santiago de
Compostela*



CONTROL DE MODIFICACIÓNS		
Nº EDICIÓN	APARTADOS MODIFICADOS	DATA DE APROBACIÓN
0		06/06/2016
1	Revisión	Xerente 29/04/2019

POLÍTICA DE CALIDADE E SEGURIDADE ASISTENCIAL

A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela é a estrutura organizativa de xestión sanitaria composta polos centros de asistencia primaria e hospitalaria da área de Santiago de Compostela pertencentes á rede sanitaria pública do Servizo Galego de Saúde .

O propósito desta organización é a prestación de servizos sanitarios, centrados nas necesidades de saúde da cidadanía e fundamentados na calidade, o desenvolvemento integrado dos procesos asistenciais e a continuidade na atención sanitaria.

A nosa área xeográfica de referencia caracterízase polo singular contraste entre o principal núcleo urbano, Santiago de Compostela, capital autonómica de arraigada tradición universitaria e destacada presenza do turismo cultural, e os restantes municipios que a conforman, eminentemente rurais e con acentuada dispersión territorial. Dende o punto de vista demográfico, o sostido envellecemento poboacional é a principal característica definitoria da poboación de referencia, con notable repercusión nos problemas de saúde prevalentes na nosa comunidade.

Misión

A razón de ser desta organización defínese nos nosos obxectivos principais:

- Contribuír ao coidado e a mellora da saúde dos nosos pacientes e promover a calidade de vida dos cidadáns
- Prestar servizos sanitarios baseados na máxima efectividade, calidade, seguridade e equidade, humanizados e orientados a satisfacer as necesidades de saúde e as expectativas da cidadanía
- Garantir o cumprimento dos dereitos e deberes sanitarios recoñecidos na lexislación e normativa vixente do noso marco de actuación
- Desenvolver a formación especializada de profesionais sanitarios e a integración da docencia na actividade asistencial
- Promover a investigación e innovación no ámbito sanitario e a incorporación dos avances científicos á práctica asistencial
- Contribuír á sustentabilidade do sistema sanitario mediante a optimización e o uso rigoroso dos recursos públicos

Visión

O desenvolvemento desta organización oríentase á consolidación e expansión da nosa posición de liderado como institución sanitaria de referencia para a cidadanía, os profesionais, o sistema sanitario e a comunidade docente e científica do sector.

Aspiramos a ser distinguidos pola confianza e a satisfacción dos pacientes coa atención recibida; a consolidación do modelo de asistencia sanitaria integral, accesible e equitativa; o excelente nivel de calidade dos nosos servizos asistenciais; o recoñecemento á competencia e capacitación dos nosos profesionais, e o alto grao de desenvolvemento da investigación e a innovación científica e técnica, eixos do noso progreso e mellora continua.

Valores

Os valores representan o sinal de identidade da nosa cultura organizativa e guía da estratexia institucional:

- Liderado clínico
- Ética e respecto ás persoas, os seus dereitos e valores
- Responsabilidade profesional, corporativa e social
- Vocación de servizo
- Humanidade na atención
- Competencia profesional
- Innovación e transmisión do coñecemento
- Compromiso de excelencia asistencial

Principios de actuación

Atención ás persoas

Traballamos para as persoas: o respecto aos seus dereitos e valores, a ética na asistencia e a atención humana, adecuada e integral das súas necesidades de saúde constitúen a nosa prioridade.

Excelencia asistencial

As prestacións asistenciais réxense pola garantía de accesibilidade, seguridade e efectividade, a aplicación dos estándares de calidade e a mellor evidencia científica dispoñible, e a mellora continua como fundamento da xestión sanitaria orientada á excelencia.

Competencia e desenvolvemento profesional

Os profesionais son o principal activo desta organización: o seu alto grao de competencia, responsabilidade e desenvolvemento profesional constitúen o noso principal elemento diferencial e a clave do avance asistencial e organizativo.

Coñecemento, investigación e innovación

O labor desempeñado no marco docente, a investigación científica e a innovación sanitaria é base do desenvolvemento e excelencia dos nosos servizos, e campo de creación de valor no ámbito científico sanitario.

Sistemas de información, tecnoloxía e infraestrutura

A xestión da información para a toma de decisións, a renovación tecnolóxica e incorporación dos últimos avances científico- técnicos e a adecuación das infraestruturas para ofrecer un ambiente accesible e comfortable contribúen significativamente á calidade da asistencia sanitaria.

Sustentabilidade

O compromiso de xerar un impacto positivo e creador de valor na nosa contorna determina a responsabilidade da organización no ámbito social, económico, medioambiental e cultural.